

A FP DUAL NO IES FERNANDO BLANCO

No IES Fernando Blanco de Cee apóstase pola **Formación Profesional** en todas as súas modalidades.

Actualmente están en funcionamento no centro programas de Formación Profesional Dual en dúas modalidades:

➤ **FP Dual Completa:**

Na actualidade estase a desenvolver esta modalidade con 1º do [CM de Soldadura e Caldeiraría](#) e co 2º curso do [CS de Automatización e Robótica Industrial](#).

➤ **FP Dual de 2º curso:**

Funcionando con bolsas para alumnado de segundo curso de ciclos medios e superiores dos catro departamentos de formación profesional que hai no IES Fernando Blanco e que son os seguintes:

- Administrativo: Ciclo Medio e Superior
- Automoción: Ciclo Medio
- Electricidade e electrónica: Ciclo Medio
- Instalación e mantemento: Ciclo Medio

● **FP dual completa**

Esta modalidade de FP dual funciona cun estudo previo da contorna profesional, na que se identifican as necesidades de persoal titulado que demandan as empresas. Con base neste estudo prográmase e desenvólvese un ciclo formativo no que o proceso formativo transcorrerá entre o centro educativo e as empresas segundo un plan formativo que se acorda previamente entre as dúas partes.

● **FP dual de 2º curso**

A FP dual de segundo curso intégrase nos ciclos ordinarios tomando presenza no último curso. Esta modalidade ofrécese en forma de bolsa que os estudantes de segundo curso poden solicitar aos seus titores. A bolsa execútase de xaneiro a xuño (6 meses) durante o segundo curso.

Información relevante sobre as bolsas de FP dual de 2º curso:

● **Requisitos de acceso**

1. Ser maior de idade antes de incorporarse á empresa (a 31 de decembro do 2º curso).
2. Ter todo o primeiro curso aprobado (valorarase expediente).
3. Ter superados todos os módulos do 2º curso do primeiro trimestre.
4. Non ter sido responsable de ningunha falta de convivencia no centro educativo.
5. Entregar a solicitude de participación debidamente cuberta e asinada.
6. Cumprir todos os pasos do proceso segundo o asesoramento e guía dos titores.

- **Proceso de selección**

Unha vez o alumnado entregue as solicitudes, o departamento discutirá e decidirá cales das persoas candidatas propostas son aptas para participar na seguinte fase de selección. Valorarase o expediente académico, habilidades sociais e nivel de madurez do alumnado proposto. Tamén se poden valorar outros aspectos que poidan ser relevantes en cada proceso.

Os candidatos seleccionados pasan á seguinte fase na que a propia empresa os entrevista e elixe os que mellor se adecúan ás súas necesidades.

- **Outra información**

O alumnado asignado a cada empresa comprométese a acudir á localidade e enderezo onde estea situado o centro de traballo.

No acordo específico entre a empresa e o IES Fernando Blanco determinarase que, si os titores consideran que certos resultados de aprendizaxe impartidos na empresa necesitan formación completaria para acadar a súa completa adquisición por parte do alumno ou alumna, poderán marcar tarefas na aula virtual e mesmo planificar un período no que o alumnado deberá asistir ó centro educativo durante o último trimestre. Estas clases será de asistencia obrigatoria para o alumnado afectado.

O/a alumno/a poderá ser rexeitado pola empresa en calquera momento por calquera dos motivos recollidos na normativa que regula o proceso, (achegamos enlaces á normativa) estes poden ser: faltas de asistencia, impuntualidade, faltas de actitude, etc.

Será o centro educativo o que avaliará ó alumno tendo en conta as achegas que fará o titor da empresa. Estas achegas terán o peso que se especificou no plan formativo acordado e que será reflectido na programación do departamento.

O/a alumno/a terá que superar todos os módulos para ser proposto/a para o título.

- **Normativa**

- Real Decreto 1529 de 2012 de 8 de novembro. Bases da FP Dual.
- Orden FP Dual Galicia 2018_2019
- Orden 06/05/19 Axudas alumnado FCT_Dual